Ao igual que en anos anteriores, non se utilizará libro de texto, senón material elaborado pola profesora: caderno de exercicios, gramática, guías de lectura... algúns deles compartido nos seguintes sitios da rede:

- Curso de lingua grega (aula virtual):  
<http://www.edu.xunta.es/centros/iesmelide/aulavirtual/course/view.php?id=59>
- Blog: <http://aspasiamelide.blogspot.com/>
- Documentos en SCRIBD: <http://es.scribd.com/susanalosada>
- Documentos en ISSUU <http://issuu.com/susanalosada>
- Diapositivas: <http://www.slideshare.net/susanalosada/>
- Documentos colaborativos en google:  
<https://drive.google.com/?tab=wo&authuser=0#folders/0B88kNo7odDmnLW9LU0FNMVv5R2M>
- Canle de Youtube: <https://www.youtube.com/user/susanalosada/>
- Noticias en Scoop.it: <http://www.scoop.it/t/aspasia>

Usarase ademais o seguinte material auxiliar:

- Ἀθήναζε
- Un niño griego en casa (Ana Ovando)
- Lingua graeca per se illustrata (SantiCarbonell)
- Διάλογος. Prácticas de griego antigo, SantiCarbonell, ed. Cultura Clásica

## 7. CRITERIOS A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Para o proceso de avaliación realizaranse probas escritas e/ou orais, valorarase o traballo persoal do alumno/a nas actividades da aula, tanto colectivas como individuais e a súa actitude na aula. Establécense os seguintes criterios:

- Para aprobar unha avaliación é necesario obter polo menos 5 puntos nas probas escritas e/ou orais.
- Na nota global da avaliación as probas orais/escritas ponderarán un 80%, a actitude na aula un 10% e o traballo persoal na casa e/ou aula un 10%.
- A nota global final será a media das avaliacións sen redondeo Para superar a materia o alumno/a deberá obter ao menos cinco puntos nesta nota global final.

Dado o carácter da materia, o sistema de exame será de avaliación continua; ou sexa, en cada exame de avaliación darase por suposto o coñecemento das avaliacións anteriores.

Haberá máis de unha proba escrita ou oral por avaliación, pero non haberá exames específicos de recuperación; pois darase por recuperada unha avaliación si se recupera a seguinte. **A alumna/o deberá facer un exame final de recuperación se:**

- Suspende a 3ª avaliación
- Se ten dúas avaliacións suspensas
- Se a cualificación global fose inferior a cinco puntos

Este exame será semellante en contidos lingüísticos ó da 3ª avaliación, e incluírá os temas de cultura que a alumna/o teña suspensos. Se a nota neste exame é inferior a 5 deberá realizar a proba extraordinaria de setembro, de características semellantes ó exame final

As probas orais realizaranse ao longo de todo o curso e consistirán en:

- Lectura e escritura (bloque 2): valorarase a corrección e fluidez
- Diálogos: valoraranse os coñecementos de morfoloxía e sintaxe e léxico (bloques 3, 4 e 7)

As probas escritas realizaranse ao longo de todo o curso e consistirán:

- Cuestións sobre os paradigmas nominais e verbais (bloque 3)
- Análise morfolóxico e sintáctico (bloques 3 e 4)
- Tradución de pequenos textos (bloque 6)
- Etimoloxía (Bloque 7)
- Cuestións de historia, mitoloxía, literatura... dos temas abordados na aula e presentes nas lecturas obrigatorias especificadas no Plan lector (apartado 12 a)

## 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DOCENTE

No proceso de aprendizaxe faise necesaria unha reflexión sobre a práctica docente co fin de melloralas. parécenos necesario facer esta autoavaliación nos seguintes ámbitos de traballo:

- Tratamento da diversidade
- Motivación e protagonismo do alumnado
- Actividades da aula
- Avaliación
- Programación

Para os catro primeiros ámbitos elaboramos unha relación de ítems a valorar:

1. Deseño diferentes actividades para o logro de cada un dos obxectivos?
2. Motivo ao alumnado explicándolle ben os obxectivos a conseguir e a finalidade da actividade?



3. Para o deseño unha actividade teño en conta os coñecementos previos do alumno/a?
4. Relaciono os contidos das actividades coa vida real, facéndolle entender a pervivencia da lingua e civilización grega no mundo actual?
5. Propoño actividades que fomenten a autonomía e iniciativa do alumnado?
6. A alumna/o coñece como se lle avaliará cada actividade ou proba escrita?
7. Programo actividades en función das características de cada alumno/a e teño en conta a diferenza á hora de deseñar tarefas e valorar logros?
8. Propoño metodoloxías diversas?
9. Como organizo o traballo do grupo? (parellas, grupos pequenos, grupos grandes, individual...)
10. Favorezo o traballo interactivo entre os diferentes grupos e organizo axudas entre iguais?
11. Empleo recursos e materiais variados para a aprendizaxe? (material impreso, medios audiovisuais, mapas, reprodución de obxectos da vida cotiá no mundo clásico...)
12. Adapto o material ás diferentes características e necesidades do alumnado?
13. Fago un seguimento axeitado daqueles alumnos que poden necesitar un reforzo por proceder de opcións diferentes de bacharelato (humanidades, ciencias sociais) ou por ter tido medidas de reforzo na secundaria (PMAR, Reforzo...)?

Os ítems a valorar no ámbito da programación figuran no apartado 14. deste documento.

## **9. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES**

Na materia de Grego I non pode haber alumnado coa materia pendente.

## **10. AVALIACIÓN INICIAL**

Aínda que o alumnado que cursa Grego I no bacharelato non ten coñecemento previo da materia, realizarase unha avaliación inicial co obxectivo de coñecer o punto de partida e diagnosticar dificultades para poder levar a cabo a programación proposta e, se fose o caso, facer nesta as modificacións necesarias para que o alumno/a acade os contidos mínimos propostos. Con esta proba tentarase coñecer:

- Os coñecementos previos adquiridos polo alumno/a noutras materias relacionadas como as linguas, literaturas e historia
- O grado de asimilación do traballo realizado na aula durante os primeiros días.

Así mesmo teranse en conta os informes previos de cada alumno/a facilitados polo titor/a, equipo docente e polo departamento de orientación.

Á vista dos resultados da avaliación inicial, deseñaranse medidas de reforzo, tal como se sinala no seguinte apartado desta programación.

## **11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Terase en conta as diferentes modalidades que cursa o alumnado: cinco alumnas cursan a modalidade de humanidades, mentres que os outros catro elixiron a opción de ciencias sociais, polo que o estudio dos bloques lingüísticos, que son a maioría, non se ve reforzado polo estudio doutras materias similares como o Latín I.

No momento de presentar esta programación, a profesora non ten coñecemento nen detecteu a presenza na aula de alumnado con necesidade educativas específicas.

Para poder acadar os mínimos esixibles, a profesora fará un seguimento minucioso deste alumnado que pode presentar dificultades a priori e, se é o caso deseñará actividades e medidas de reforzo.



## 12. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

O grego, ao igual que o resto das materias de etapa, contribuirá á comprensión lectora, a expresión oral e escrita, á comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, ao emprendemento e iniciativa persoal, e a educación cívica. Para elo levaranse a cabo as seguintes accións:

### a) PLAN LECTOR

- **Dedicación dun mínimo de 10 mm.** de cada clase á lectura mecánica de textos gregos, para conseguir certa fluidez lectora nun sistema alfabético diferente do latino.
- **Estudio dos diferentes sistemas de escritura** previos ao alfabeto e práctica co alfabeto grego.
- **Lectura individual** con carácter obrigatorio das seguintes obras:
  - *Lisístrata*, de Aristófanes
  - *Edipo Rei* de Sófocles (representada no Festival de Teatro Grecolatino de Lugo 2018, na edición do propio Festival)
- **Lecturas voluntarias** a escoller entre as seguinte lecturas complementarias: novela histórica, cómic, mitoloxía...
  - *Mitos da antiga Grecia*, R. Graves, ed. Xerais
  - *Naves negras ante Troya. La historia de la Iliada*, Rosemary Sutcliff, Ed. Vicens Vives
  - *La hija de Homero*, Robert Graves, Ed. Edhasa
  - *Aspasia*, A. González Suárez, Ed. del Orto
  - *Aspasia, amante de Atenas*, J. Medem, Ed. Espasa
  - *Final Troyano*, Laura Riding, Ed. Edhasa
  - *Alejandro Magno*, Marie Renault, Ed. Comunicación
  - *Alejandro: Un retrato del lado humano de Alejandro Magno*, Klaus Mann, Ed. El Aleph
  - *Alejandro Magno y su gran fama*, PhilRobins, Ed. El Rompecabezas
  - *Teucro, o arqueiro de Troia*, F. LilloRedonet, Ed. Toxosoutos
  - *Penélope y las doce criadas*, M. Atwood; Ed. Salamandra
  - *A cabeza da Medusa*, Marilar Alexandre, Ed. Xerais
  - *El jardín de Hipatía*, Olalla García, Ed. Espasa
  - *El ejército perdido*, Valerio Máximo Manfredi, Ed. De Bolsillo
- *La curandera de Atenas*, Isabel Martín, ed. Booket
- *Os fillos do Mar*, Pedro Feijoo, ed. Xerais

### Cómic

- *Los mitos griegos*, Marcia Williams., Ediciones B
- *La Gloria de Hera*, Rossi& Le Tendre, Ed. Planeta DeAgostini
- *Tiresias*, Rossi& Le Tendre, Ed. Planeta DeAgostini
- *Socrates el semi-perro I: Heracles*, Sfar y Balin, Ed. SinsEntido
  - *Socrates el semi-perro II: Ulises*, Sfar y Balin, Ed. SinsEntido
  - *Socrates el semi-perro III: Edipo en Corinto*, Sfar y Balin, Ed. SinsEntido
  - *Rebétiko, La mala Hierba*, David Prudhome, Ed. SinsEntido.
- *Ulises (Catro volumes)*, Sébastian Ferran, ed. Sexto Piso
- *La Iliada*, adaptación de Homero ao cómic por Roy Thomas e M. A. Sepúlveda, ed. Marvel
- *La guerra de Troya*, R. Thomas, ed. Marvel
- *La Odisea, adaptación del poema épico de Homero*, R. Thomas e G. Tocchini, ed. Marvel
- *La Odisea*, Pérez Navarro y Martín Saurí, Norma Editorial
- *El ladrón del rayo. Percy Jackson y los dioses del Olimpo (novela gráfica)*, Rick Riordan. Ed. Salamandra
- *El Héroe I e II*, David Rubín, Astiberri Ediciones

- *GreekStreet*, P. Milligan, ed. Planeta de Agostini
- *La canción de Ariadna*, de Irene Roga, ed. Glenat
  - *Epicuro el Sabio*, William Messner-Loebs & Sam Keith, Norma Editorial.
  - *300*, Frank Miller, Norma Editorial
  - *La Edad de Bronce (Oito volumes en cómic sobre a Guerra de Troia)*, Eric Shanower, ed. Azake
  - *Baco*, E. Campbell, ed. Astiberri
- *Democracia* Papadatos, A. & Kawa & di Donna., ed. Alianza.
- *El circo del desaliento, La tetería del Oso malayo...* Rubín, David.

- **Elaboración de guías de lectura** das obras teatrais obrigadas para un mellor seguimento e comprensión por parte do alumnado.

- **Lectura dramatizada na aula** das obras teatrais de lectura obrigatoria.

- **Asistencia á representacións** de unha das obras de lectura obrigada no Festival de Teatro Grecolatino de Lugo 2018.

- **Colaboración e coordinación co traballo de biblioteca**, que no presente curso xira en torno a “anónim@s”, as autoras e autores descoñecidos da literatura universal así como os pequenos protagonistas do noso legado cultural e histórico, centrándonos na mitoloxía clásica, como exponente dese saber moitas veces anónimo, e na cerámica grega, moitas veces de autor descoñecido.

- Realización de **obradoiros de escritura grega**, nos que o alumando copie e escriba textos da literatura grega con utensilios semellantes aos da Antiga Grecia e rotule carteis das dependencias do centro usando o alfabeto e lingua grega.

- Participación no [Concurso Odisea 2018](#), centrado na morte no mundo antigo

- **Cine e vídeo:**

- Traballo nas canles de YouTube con listas de reprodución temáticas: mitoloxía, artes plásticas no mundo antigo, [educación no mundo antigo](#), [guerra de Troia](#)...
- Traballo con outras canles de YouTube como [Cliphistoria](#), ou [Recunchodamemoria](#) ou semellantes, nos temas relacionados coa historia antiga.
- Visión e traballo sobre películas de tema clásico, algunhas delas baseadas en obras literarias, tentando que o alumnado se achegue tamén aos grandes clásicos do cine:
  - *Ágora*, A. Amenábar
  - *Alejandro Magno* O. Stone
  - *Edipo, el hijo de la fortuna*, P. P. Pasolini
  - *El león de Esparta*, R. Maté
  - *Jasón y los argonautas* N. Willing
  - *La mandolina del capitán Corelli*, J. Madden
  - *La Odisea*, A. Konchalovsky
  - *Las Troyanas*, M. Cacoyanis,
  - *Medea*, P. P. Pasolini
  - *Mediterráneo*, G. Salvatores
  - *Troya*, W. Petersen
  - *Incendies*, Denis Villeneuve

...

## b) APLICACIÓN DAS T.I.C.

### Obxectivos

- Desenvolver a capacidade investigadora e creativa do alumno para conseguir que sexa el o protagonista da súa propia aprendizaxe, buscando as súas propias fontes de informacións e elaborando o seu propio material
  - Que o alumno/a poda ter acceso cómodo a un conxunto básico de coñecementos sobre o mundo grego relacionados cos contidos da programación de grego I e II
  - Que o alumno poda ter acceso ao material utilizado na clase<sup>2</sup>, de xeito que poda descargar e imprimir exercicios, mapas, apuntes... sen que supoña prexuízo económico para o centro.
  - Que calquera usuario poda ter acceso cómodo a temas do mundo clásico de cultura e interese xeral e que, en moitos casos, seguen presentes no seu entorno.
  - Que o alumno/a poda acceder a outros portais educativos especializados en temas de cultura clásica.
- Desenvolver a capacidade investigadora e creativa do alumno para conseguir que sexa el o protagonista da súa propia aprendizaxe, buscando as súas propias fontes de informacións e elaborando o seu propio material

### Tipos de actividades:

- Completar a aula virtual de Lingua Grega I dentro da web do instituto cos seguintes apartados:
- Traballo con ferramentas colaborativas de google: presentacións, mapas, formularios...
- Traballo no blog de aula [Aspasia](#) para aportar traballos complementarios aos da aula, comentar libros de lectura, actualidade relacionada ca Grecia clásica e as actividades extraescolares realizadas.
- Ligazóns con outras páxinas e portais educativos con contidos do grego clásico
- Introducción á wiki: pequenas contribucións á Galipedia no campo da etimoloxía, traballo na nosa wiki [Aspasia-Melide](#) para creación dun dicionario grego clásico-galego.
- Exposicións de temas monográficos por parte do alumnado usando como recursos aprendidos na aula: presentacións, [scribd](#), [issuu](#), [slideshare](#)...

### Temporalización

- Uso ao longo de todo o curso de presentacións para explicar os temas de mitoloxía, historia, arte... do mundo grego e practira a lectura da lingua grega.
- Traballo e publicación no blog [Aspasia](#) ao longo de todo o ano de artigos relacionados coas lecturas obrigatorias, actualidade relacionada coa Grecia clásica e actual, as actividades extraescolares realizadas...
- Introducción á wiki con pequenas contribucións á Gallipedia no campo da etimoloxía ao longo de todo o curso.
- Realización por parte dos alumnos/as de exercicios interactivos na páxina do departamento (ou outros doutras webs) unha vez ao mes na aula de informática, para repasar os contidos explicados na clase.
- Descargas de calquera material da web por parte do alumnado ao longo de todo o ano.

---

<sup>2</sup> Especialmente de aquel material que necesita repoñer por telo perdido ou deteriorado, xa que o material básico élle proporcionado pola profesora.

# GREGO 2º DE BACHARELATO

## 2. COMPETENCIAS CLAVE, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E CRITERIOS AVALIACIÓN EN RELACIÓN AOS CONTIDOS

A nomenclatura para as competencias clave que se establece no Decreto 86/2015 do 25 de xuño é a seguinte:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Neste mesmo decreto figuran os seguintes estándares de aprendizaxe en relación con contidos, criterios de avaliación e competencias clave:

Grego II. 2º de bacharelato				
Activos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Lingua grega				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Dialectos antigos, dialectos literarios e koiné.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Coñecer as orixes dos dialectos antigos e literarios, clasificalos e localizalos nun mapa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B1.1.1. Delimita ámbitos de influencia dos distintos dialectos, situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Do grego clásico ao grego moderno.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Comprender a relación directa entre o grego clásico e o moderno, e sinalar algúns trazos básicos que permiten percibir este proceso de evolución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B1.2.1. Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno, constatando as semellanzas e as diferenzas que existen entre uns e outros e analizando a través destas as características xerais que definen o proceso de evolución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Do grego clásico ao grego moderno.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Recoñecer a evolución da lingua grega ata chegar ao momento actual nos aspectos fonéticos, morfosintáctico e léxico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B1.3.1. Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
Bloque 2. Morfoloxía				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Revisión da flexión nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Identificar, analizar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas nominais e pronominais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B2.1.1. Recoñece con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declinaas e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

Grego II. 2º de bacharelato				
Activos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Revisión da flexión verbal: conxugación atemática. Modos verbais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas verbais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B2.2.1. Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Análise morfolóxica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Coñecer as categorías gramaticais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B2.2.1. Nomea e describe as categorías gramaticais, sinalando as características que as distinguen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Análise morfolóxica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.4. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B2.4.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Análise morfolóxica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.5. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto grego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B2.5.1. Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<b>Bloque 3. Sintaxe</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Recoñecer os valores dos casos e os usos sintácticos do sistema pronominal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B3.1.1. Recoñece os valores dos casos gregos e os usos dos pronomes en frases e textos propostos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Recoñecer os usos das preposicións e dos complementos circunstanciais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B3.2.1. Recoñece os valores das preposicións e identifica os complementos circunstanciais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Usos modais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Coñecer e identificar os usos modais propios da lingua grega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B3.3.1. Coñece, identifica e traduce correctamente os usos modais propios da lingua grega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Tipos de oracións e construcións sintácticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B3.4.1. Recoñece e clasifica oracións e construcións sintácticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Oración composta. Formas de subordinación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Recoñecer os nexos subordinantes e os tipos de oracións subordinadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B3.5.1. Recoñece, clasifica, analiza e traduce correctamente os nexos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

Grego II. 2º de bacharelato				
Activos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			subordinantes.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Oración composta. Formas de subordinación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B3.6.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B3.6.2. Coñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ f</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Análise, tradución e interpretación de textos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas da lingua grega en interpretación e tradución de textos de textos clásicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B3.7.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B3.7.2. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<b>Bloque 4. Literatura</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Coñecer as características dos xéneros literarios gregos, os seus autores e obras máis representativas, e as súas influencias na literatura posterior.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B4.1.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos, e identifica e sinala a súa presenza nos textos propostos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo o xénero literario ao que pertencen, as súas características esenciais e a súa estrutura, se a extensión da pasaxe elixida o permite.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B4.2.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura grega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B4.2.2. Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura grega como base da literatura e da cultura</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ GR2B4.3.1. Explora a conservación dos xéneros e os temas literarios da tradición grega mediante</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

Grego II. 2º de bacharelato				
Activos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ n		europaea e occidental.	exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles.	
▪ d ▪ e ▪ h ▪ i ▪ n	▪ B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula.	▪ B4.4. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior.	▪ GR2B4.4.1. Pode establecer relacións e paralelismos entre a literatura grega e a posterior.	▪ CCEC
▪ d ▪ e ▪ h ▪ i ▪ n	▪ B4.1. Xéneros literarios: épica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula.	▪ B4.5. Coñecer os autores fundamentais da literatura coas súas obras principais.	▪ GR2B4.5.1. Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas.	▪ CD ▪ CCEC
Bloque 5. Textos				
▪ d ▪ e ▪ f ▪ n	▪ B5.1. Tradución e interpretación de textos gregos.	▪ B5.1. Coñecer, identificar e relacionar os elementos morfolóxicos da lingua grega en interpretación e tradución de textos gregos.	▪ GR2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución.	▪ CCL
▪ d ▪ e ▪ g	▪ B5.2. Uso do dicionario.	▪ B5.2. Utilizar o dicionario e procurar o termo máis apropiado na lingua propia para a tradución do texto.	▪ GR2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a.	▪ CCL ▪ CD
▪ d ▪ e ▪ f	▪ B5.3. Comentario e análise filolóxica de textos de grego clásico orixinais, preferiblemente en prosa.	▪ B5.3. Realizar a tradución, a interpretación e o comentario lingüístico, literario e histórico de textos de grego clásico.	▪ GR2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario lingüístico, literario e histórico de textos.	▪ CCL ▪ CCEC
▪ a ▪ d ▪ e ▪ h ▪ n	▪ B5.4. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.	▪ B5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.	▪ GR2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.	▪ CSC ▪ CCEC
▪ d ▪ n	▪ B5.5. Identificación das características formais dos textos.	▪ B5.5. Identificar as características formais dos textos.	▪ GR2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.	▪ CCL
Bloque 6. Léxico				
▪ d ▪ e	▪ B6.1. Helenismos máis frecuentes do léxico	▪ B6.1. Recoñecer os helenismos máis	▪ GR2B6.1.1. Identifica os helenismos máis frecuentes	▪ CCL

Grego II. 2º de bacharelato				
Activos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ f	especializado e común.	frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e remontalos aos étimos gregos orixinais.	do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais.	
▪ d ▪ e ▪ f	▪ B6.1. Helenismos máis frecuentes do léxico especializado e común.	▪ B6.2. Identificar a etimoloxía e coñecer o significado das palabras de orixe grega da lingua propia ou de outras, obxecto de estudo de léxico común e especializado.	▪ GR2B6.2.1. Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou de outras, obxecto de estudo, a partir dos étimos gregos dos que proceden.	▪ CCL
▪ d ▪ e ▪ f ▪ n	▪ B6.2. Ampliación de vocabulario básico grego: linguaxe literaria e filosófica.	▪ B6.3. Coñecer, identificar e traducir o léxico grego.	▪ GR2B6.3.1. Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e en castelán. ▪ GR2B6.3.2. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza.	▪ CCL ▪ CCL
▪ d ▪ e ▪ f ▪ n	▪ B6.2. Ampliación de vocabulario básico grego: linguaxe literaria e filosófica.	▪ B6.4. Relacionar palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.	▪ GR2B6.4.1. Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica.	▪ CCL
▪ d ▪ e ▪ f	▪ B6.3. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.	▪ B6.5. Recoñecer a etimoloxía e evolución das palabras da propia lingua.	▪ GR2B6.5.1. Recoñece e distingue cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos a partir do étimo grego, e explica as evolucións que se producen nun caso e en outro.	▪ CCL
▪ d ▪ e ▪ f	▪ B6.4. Descomposición de palabras nos seus formantes.	▪ B6.6. Recoñecer e identificar os elementos léxicos e os procedementos de formación do léxico grego, a derivación e a composición, para entender mellor os procedementos de formación de palabras nas linguas actuais.	▪ GR2B6.6.1. Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da lingua propia nos seus formantes, e explica o seu significado. ▪ GR2B6.6.2. Sabe descompor unha palabra nos seus formantes e coñecer o seu significado en grego, para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia.	▪ CCL ▪ CCL



### 3. OBXECTIVOS EN BAC

Segundo se establece no Decreto 86/2015 do 25 de xuño, o bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## OBXECTIVOS XERAIS DO CURSO

- Familiarizarse, coñecer e utilizar a morfosintaxe do grego, así como o léxico precisos para a tradución e a interpretación de textos de moderada complexidade, valéndose do dicionario.
- Identificar etimoloxías gregas produtivas no vocabulario galego e castelán e doutras linguas estudadas.
- Saber indagar e interpretar textos literarios e filosóficos, orixinais e traducidos, extraendo as ideas fundamentais e a súa estrutura.
- Apreciar os valores humanos mediante o acceso ás fontes na súa primeira formulación dentro da civilización europea.
- Manexar material bibliográfico, desenvolvendo ao mesmo tempo técnicas de traballo intelectual, co fin de que a alumna poida valerse por si mesma coa axuda dos documentos oportunos. Potenciar, en definitiva, o traballo persoal da alumna con metodoloxía científica, que é necesaria na súa orientación universitaria.

## 4 CONCRECIÓN DE TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO ESIXIBLE E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

### Temporalización

- 1ª Avaliación (50 sesións): Bloques 1, 2, 3, 5 e 6
- 2ª Avaliación (33 sesións): Bloques 2, 3, 4, 5 e 6
- 3ª Avaliación (34 sesións): Bloques 2, 3, 4, 5 e 6

Grego II. 2º de bacharelato		
Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles Grao mínimo para superar a área	Instrumentos de avaliación
Bloque 1. Lingua grega		
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B1.1.1. Delimita ámbitos de influencia dos distintos dialectos, situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecementos das principais áreas dos grupos dialectais na Antiga Grecia</li> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 40% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Colaboración no blog</li> <li>Elaboración de mapas de google</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B1.2.1. Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno, constatando as semellanzas e as diferenzas que existen entre uns e outros e analizando a través destas as características xerais que definen o proceso de evolución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecemento dos principais cambios fonéticos na evolución do grego antigo</li> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 10% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B1.3.1. Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Ser capaz de ler un texto en grego moderno</li> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 30% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> </ul>
Bloque 2. Morfoloxía		
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B2.1.1. Recoñece con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecemento claro dos paradigmas nominais</li> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 80% nos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Probas escritas</li> <li>Probas orais</li> </ul>

Grego II. 2º de bacharelato		
Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles Grao mínimo para superar a área	Instrumentos de avaliación
declínaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.	estándares de aprendizaxe	
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B2.2.1. Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecemento básico dos paradigmas verbais</li> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 80% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Probas escritas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B2.2.1. Nomea e describe as categorías gramaticais, sinalando as características que as distinguen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecemento claro e distinción das distintas categorías gramaticais</li> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 80% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Probas escritas</li> <li>Probas orais</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B2.4.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Descomposición da forma verbal en morfemas</li> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 80% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Probas escritas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B2.5.1. Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecemento claro e distinción das distintas categorías gramaticais mediante os seus morfemas</li> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 80% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Probas escritas</li> </ul>
Bloque 3. Sintaxe		
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B3.1.1. Recoñece os valores dos casos gregos e os usos dos pronomes en frases e textos propostos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecemento claro das funcións casuais</li> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 80% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Probas escritas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B3.2.1. Recoñece os valores das preposicións e identifica os complementos circunstanciais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Distinción do significado das preposicións cos diferentes casos</li> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 80% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Probas escritas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B3.3.1. Coñece, identifica e traduce correctamente os usos modais propios da lingua grega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Recoñecemento dos morfemas modais e do valor dos modos</li> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 80% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Probas escritas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B3.4.1. Recoñece e clasifica oracións e construcións sintácticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecemento dos principais tipos de oracións</li> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 80% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Probas escritas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B3.5.1. Recoñece, clasifica,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Distinción dos principais tipos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> </ul>

Grego II. 2º de bacharelato		
Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles Grao mínimo para superar a área	Instrumentos de avaliación
analiza e traduce correctamente os nexos subordinantes.	<ul style="list-style-type: none"> <li>de oracións subordinadas</li> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 80% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Probas escritas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B3.6.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecemento das formas non persoais do verbo e das funcións do infinitivo e a súa tradución</li> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 80% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Probas escritas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B3.6.2. Coñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecemento das formas non persoais do verbo e das funcións do participio e a súa tradución</li> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 80% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Probas escritas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B3.7.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecemento dos principais tipos de oracións</li> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 80% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Probas escritas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B3.7.2. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecemento das formas non persoais do verbo, participio e infinitivo, e a súa tradución</li> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 80% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Probas escritas</li> </ul>
<b>Bloque 4. Literatura</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B4.1.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos, e identifica e sinala a súa presenza nos textos propostos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecemento das características básicas da épica, lírica, teatro e prosa (historiografía e filosofía)</li> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 80% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Probas escritas</li> <li>Colaboración no blog</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B4.2.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura grega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecemento da cronoloxía de Homero, Safo, Alceo, Arquíloco, Xenofonte e Platón.</li> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 80% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Probas escritas</li> <li>Colaboración no blog</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B4.2.2. Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Lectura e coñecemento básico dunha selección de cantos da <i>Iliada</i>, de Homero, antoloxía poética de Arquíloco, Alceo e Safo, de <i>Edipo rei</i> de Sófocles, e <i>Nubes</i> de Aristófanes, selección de textos a Anábase e <i>Helénicas</i> de Xenofonte, selección de textos de diálogos platónicos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Probas escritas</li> <li>Colaboración no blog</li> </ul>

Grego II. 2º de bacharelato		
Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles Grao mínimo para superar a área	Instrumentos de avaliación
	<ul style="list-style-type: none"> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 80% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B4.3.1. Explora a conservación dos xéneros e os temas literarios da tradición grega mediante exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecemento da pervivencia dos xéneros literarios da antiga Grecia e a súa evolución</li> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 50% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Colaboración no blog</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B4.4.1. Pode establecer relacións e paralelismos entre a literatura grega e a posterior.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecemento dos principais referentes clásicos a Homero, líricos, Sófocles, Aristófanes, Xenofonte e Platón na literatura e no cine e na cultura en xeral</li> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 50% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Probas escritas</li> <li>Colaboración no blog</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B4.5.1. Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Lectura e coñecemento básico dunha selección de cantos da <i>Iliada</i>, de Homero, antoloxía poética de Arquíloco, Alceo e Safo, de <i>Edipo rei</i> de Sófocles, <i>Nubes</i> de Aristófanes, selección de textos a Anábase e <i>Helénicas</i> de Xenofonte, selección de textos de diálogos platónicos</li> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 80% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Probas escritas</li> <li>Colaboración no blog</li> </ul>
Bloque 5. Textos		
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Análise morfosintáctica dos textos a traducir, principalmente nos textos de Xenofonte e Platón</li> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 80% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Probas escritas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Amosar habilidade e eficacia no uso do dicionario, sabendo localizar todo tipo de palabras e, en especial formas verbais, principalmente nos textos de Xenofonte e Platón</li> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 80% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Probas escritas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario lingüístico, literario e histórico de textos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Comentario morfolóxico e sintáctico dos elementos dun texto, principalmente de Xenofonte e Platón</li> <li>Coñecemento do contexto literario e histórico dunha</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Probas escritas</li> </ul>

Grego II. 2º de bacharelato		
Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles Grao mínimo para superar a área	Instrumentos de avaliación
	<p>selección de cantos da <i>Iliada</i>, de Homero, antoloxía poética de Arquíloco, Alceo e Safo, de <i>Edipo rei</i> de Sófocles, <i>Nubes</i> de Aristófanes, selección de textos a Anábase e <i>Helénicas</i> de Xenofonte, selección de textos de diálogos platónicos</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 80% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecemento do contexto literario e histórico dunha selección de cantos da <i>Iliada</i>, de Homero, antoloxía poética de Arquíloco, Alceo e Safo, de <i>Edipo rei</i> de Sófocles, <i>Nubes</i> de Aristófanes, selección de textos a Anábase e <i>Helénicas</i> de Xenofonte, selección de textos de diálogos platónicos</li> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 80% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Probas escritas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecemento das características básicas da épica, lírica, teatro e prosa (historiografía e filosofía) e a súa funcionalidade</li> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 80% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Probas escritas</li> <li>Colaboración no blog</li> </ul>
Bloque 6. Léxico		
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B6.1.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Identificación e explicación de helenismos, principalmente nos textos de Xenofonte e Platón</li> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 80% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Probas escritas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B6.2.1. Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou de outras, obxecto de estudo, a partir dos étimos gregos dos que proceden.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Identificación e explicación de helenismos</li> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 80% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Probas escritas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B6.3.1. Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e en castelán.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Formación de helenismos en galego e castelán a partir dun termo grego e explicación do seu significado</li> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 80% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Probas escritas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B6.3.2. Deduce o significado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dedución do significado dunha</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> </ul>

Grego II. 2º de bacharelato		
Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles Grao mínimo para superar a área	Instrumentos de avaliación
de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza.	<p>palabra grega a partir do contexto e a súa derivación etimolóxica.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 50% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B6.4.1. Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecemento dos principais mecanismos no proceso de composición e derivación na formación de cultismo procedentes do grego</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Probas escritas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B6.5.1. Recoñece e distingue cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos a partir do étimo grego, e explica as evolucións que se producen nun caso e en outro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Identificación e explicación de cultismos e voces patrimoniais procedentes do grego</li> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 80% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Probas escritas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B6.6.1. Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da lingua propia nos seus formantes, e explica o seu significado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Identificación e coñecemento dos principais lexemas, prefixos e sufixos do grego</li> <li>A alumna deberá alcanzar unha puntuación dun 80% nos estándares de aprendizaxe</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Probas escritas</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>GR2B6.6.2. Sabe descompor unha palabra nos seus formantes e coñecer o seu significado en grego, para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñecemento dos principais mecanismos no proceso de composición e derivación na formación de cultismo procedentes do grego</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Actividades de aula</li> <li>Probas escritas</li> </ul>

## PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Ao longo do curso realizaranse tres sesións de avaliación; a última delas coincidirá coa avaliación final ordinaria. Nos primeiros días do mes de setembro realizarase unha proba extraordinaria e a correspondente sesión de avaliación para o alumnado que non superase a materia na avaliación final ordinaria.

Durante o proceso de aprendizaxe realizarase unha avaliación que determine o grao de consecución dos obxectivos de acordo cos criterios de avaliación establecidos nesta programación, tomando como referencia as competencias básicas e os obxectivos xerais de etapa

Os resultados indicaranos as modificacións que debemos facer para ampliar e profundar ou para recuperar ou para eliminar erros e problemas na aprendizaxe ou facer modificacións na planificación inicial da materia co fin de mellorar o rendemento do alumnado.

Debido ao carácter dinámico da aprendizaxe, a avaliación debe constituír un proceso flexible e valerse de diferentes instrumentos e procedementos. Así defendemos unha avaliación que, ademais dos contidos, reflecta o traballo e actitude do alumnado, valorando positivamente a asistencia puntual, a non interrupción do desenvolvemento da clase e o respecto polo traballo dos compañeiros e do profesorado, a participación activa e o interese, o coidado do material propio e da aula, o cumprimento das normas de convivencia...



## 5. METODOLOXÍA

Seguindo os obxectivos xerais propostos nesta programación, enténdese a aprendizaxe coma un proceso activo no que a alumna/o é a protagonista, axudada polas directrices a profesora. Para acadar este obxectivo, é imprescindible a potenciación do traballo persoal da alumna, tanto a nivel individual como en grupo. Fomentarase a autonomía e iniciativa persoal, investirse o tempo necesario en que a alumna adquira habilidades para buscar e procesar información, fomentado o uso dos recursos da biblioteca do instituto e os recursos da rede. Consideramos que a aprendizaxe dun método de estudo e investigación son tanto ou máis importantes que a asimilación duns contidos concretos.

No primeiro mes do curso faise imprescindible un repaso e ampliación da gramática do curso anterior (Bloques 2,3,5 e 6). Comezase coa tradución de textos adaptados e/ou de autores fora de programa coma Esopo, Apolodoro, Diodoro... que escribiron en lingua koiné.

Unha vez postos ó día os principais aspectos gramaticais, o traballo centrarase maiormente na tradución de textos de Xenofonte e Platón xa que é a parte máis ponderada na nota global da alumna e era a máis valorada na antiga proba de selectividade (6 puntos sobre 10).

O tipo de exame das ABAU, permite dedicar a totalidade do tempo aos textos dunha soa opción. Por este motivo, incidirase máis na opción A, xa que consideramos que para un alumno ou alumna no seu segundo ano de lingua grega os textos da opción A (Xenofonte) son máis alcanzables que os da opción B (Platón). Por outra banda, a experiencia en anos anteriores indícanos que a opción A era a preferida polo alumnado na selectividade, e soe ser a opción na que se obtiñan mellores resultados académicos.

Os contidos teóricos serán preparados pola profesora para que as alumnas podan dedicar o tempo restante as etimoloxías e lecturas obrigatorias.

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Ao igual que en anos anteriores, non se utilizará libro de texto, senón material elaborado pola profesora: caderno de exercicios con textos para traducir, gramática, caderno de literatura e historia con guías de lectura... algúns deles compartido nos seguintes sitios da rede:

- Blog: <http://aspasiamelide.blogspot.com/>
- Documentos en SCRIBD: <http://es.scribd.com/susanalosada>
- Documentos en ISSUU <http://issuu.com/susanalosada>
- Diapositivas: <http://www.slideshare.net/susanalosada/>
- Documentos colaborativos en google:  
<https://drive.google.com/?tab=wo&authuser=0#folders/0B88kNo7odDmnLW9LU0FNMVk5R2M>
- Canle de You tube: <https://www.youtube.com/user/susanalosada/>
- Noticias en Scoop.it: <http://www.scoop.it/t/aspasia>

## 7. CRITERIOS A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Para o proceso de avaliación realizaranse probas escritas e/ou orais, valorarase o traballo persoal do alumno/a nas actividades da aula, tanto colectivas como individuais e a súa actitude na aula. Establécense os seguintes criterios:

- Para aprobar unha avaliación é necesario obter polo menos 5 puntos nas probas escritas e/ou orais.
- Na nota global da avaliación as probas orais/escritas ponderarán un 80%, a actitude na aula un 10% e o traballo persoal na casa e/ou aula un 10%.
- A nota global final será a media das avaliacións sen redondeo Para superar a materia o alumno/a deberá obter ao menos cinco puntos nesta nota global final.

Dado o carácter da materia, o sistema de exame será de avaliación continua; ou sexa, en cada exame de



avaliación darase por suposto o coñecemento das avaliacións anteriores.

Haberá máis de unha proba escrita ou oral por avaliación, pero non haberá exames específicos de recuperación; pois darase por recuperada unha avaliación si se recupera a seguinte. **A alumna/o deberá facer un exame final de recuperación se:**

- Suspende a 3ª avaliación
- Se ten dúas avaliacións suspensas
- Se a cualificación global fose inferior a cinco puntos

Este exame será semellante en contidos lingüísticos ó da 3ª avaliación, e incluírá os temas de cultura que a alumna teña suspensos. Se a nota neste exame é inferior a 5 deberá realizar a proba extraordinaria de setembro, de características semellantes ó exame final

As probas orais realizaranse durante a primeira avaliación e consistirán en:

- Lectura e escritura (bloque 5): valorarase a corrección e fluidez

As probas escritas consistirán en

- a). Coñecementos de lingua grega: (bloques 2, 3, 5 e 6) con 7 puntos sobre 10
  - Tradución de textos de Platón e Xenofonte coa axuda do dicionario
  - Análise morfolóxica e sintáctica dos textos a traducir.
  - Estudio das etimoloxías gregas e aprendizaxe dun vocabulario mínimo de 200 palabras
- b). Coñecementos de literatura e cultura grega (bloque 4) con 3 puntos sobre 10  
Aspectos culturais relacionados cos autores a traducir e coas lecturas obrigatorias:
  - A épica e o seu contexto sociocultural. Lectura dos cantos I, VI, XVI e XXII da *Ilíada* de Homero
  - A lírica e o seu contexto sociocultural. Lectura dunha antoloxía poética de Safo, Alceo e Arquíloco
  - A obra de Xenofonte e circunstancias históricas dos s. V e IV a. C.
  - A filosofía: Sócrates e Platón e circunstancias socioculturais nas que se produce a súa vida e obra.
  - O Drama: Traxedia e comedia no contexto da democracia ateniense. Lectura de *Edipo Rei* de Sófocles e *Nubes* de Aristófanes

## 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DOCENTE

No proceso de aprendizaxe faise necesaria unha reflexión sobre a práctica docente co fin de melloralala. parécenos necesario facer esta autoavaliación nos seguintes ámbitos de traballo:

- Tratamento da diversidade
- Motivación e protagonismo do alumnado
- Actividades da aula
- Avaliación
- Programación

Para os catro primeiros ámbitos elaboramos unha relación de ítems a valorar:

1. Deseño diferentes actividades para o logro de cada un dos obxectivos?
2. Motivo ao alumnado explicándolle ben os obxectivos a conseguir e a finalidade da actividade?
3. Para o deseño unha actividade teño en conta os coñecementos previos do alumno/a?
4. Relaciono os contidos das actividades coa vida real, facéndolle entender a pervivencia da lingua e civilización grega no mundo actual?
5. Propoño actividades que fomenten a autonomía e iniciativa do alumnado?
6. A alumna/o coñece como se lle avaliará cada actividade ou proba escrita?
7. Programo actividades en función das características de cada alumno/a e teño en conta a diferenza á hora de deseñar tarefas e valorar logros?
8. Propoño metodoloxías diversas?

9. Como organizo o traballo do grupo? (parellas, grupos pequenos, grupos grandes, individual...)
10. Favorezo o traballo interactivo entre os diferentes grupos e organizo axudas entre iguais?
11. Empleo recursos e materiais variados para a aprendizaxe? (material impreso, medios audiovisuais, mapas, reprodución de obxectos da vida cotiá no mundo clásico...)
12. Adapto o material ás diferentes características e necesidades do alumnado?
13. Fago un seguimento axeitado daqueles alumnos que poden necesitar un reforzo por proceder de opcións diferentes de bacharelato (humanidades, ciencias sociais) ou por ter cursado a materia o ano anterior ?

Os ítems a valorar no ámbito da programación figuran no apartado 14. deste documento.

## **9. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES**

No presente curso académico 2017-18 non hai alumnado pendente coa materia de Grego I.

## **10. AVALIACIÓN INICIAL**

Só se farían probas de avaliación inicial para aquel alumnado que proceda de 1º de Bacharelato LOMCE ou doutro sistema educativo diferente que queira cursar Grego II sen ter cursado anteriormente esta materia.

A proba centraríase só en coñecementos lingüísticos para determinar o nivel do alumno/a e consistirá en:

- Proba oral (4 puntos): lectura fluída dun texto en grego
- Proba escrita (6 puntos):
  - Coñecemento básico dos principais paradigmas nominais e verbais
  - Análise e tradución de textos sinxelos constituídos por oracións simples
  - Coñecemento dun vocabulario mínimo de 30 palabras

Á vista dos resultados da avaliación inicial, deseñaríanse medidas de reforzo, tal como se sinala no seguinte apartado desta programación.

## **11. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

A materia de Grego II é cursada por alumnas que superaron sen dificultade a materia de Grego I e por dous alumnos que non cursaron esta materia o curso pasado, pero si no curso 2015-16.

Aínda que ningún alumno amosa necesidades educativas especiais, a profesora fará un seguimento minucioso do alumnado e estará atenta á información do departamento de orientación, tutores/as e equipo docente para tomar as medidas de e apoio e reforzo que se estimen oportunas.

## **12. ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

### **a) PLAN LECTOR**

- Dedicación dun mínimo de 10 mm. de cada clase á lectura colectiva das obras do programa e textos do temario elaborado.
- Dedicación dun mínimo de 10 mm. de cada clase á lectura mecánica de textos gregos, para conseguir certa fluidez lectora nun sistema alfabético diferente do latino.

- **Lectura individual** con carácter obrigatorio das seguintes obras, posible obxecto de exame na reválida:
  - Cantos I, VI, XVI, XXII. da *Iliada* de Homero
  - Fragmentos de lírica arcaica: Safo, Alceo e Arquíloco.
  - *Edipo Rei* de Sófocles
  - *Nubes* de Aristófanes
  - Algunha das lecturas complementarias propostas para Grego I na páx.
  
- Elaboración de guías de lectura das obras obrigadas para un mellor seguimento e comprensión por parte do alumnado.
  
- Lectura dramatizada na aula das obras teatrais de lectura obrigatoria: *Edipo Rei* e *As Asembleístas*
  
- Creación dunha canle de You Tube con listas temáticas de reprodución relacionadas co programa: [guerra de Troia](#), ciclo tebano, a guerra do Peloponeso...
  
- Traballo con outras canles de You Tube como [Cliphistoria](#), ou [Recunchodamemoria](#) ou semellantes, nos temas relacionados coa historia antiga.
  
- Visión e traballo sobre películas de tema clásico, algunhas delas baseadas en obras literarias, tentando que o alumnado se achegue tamén aos grandes clásicos do cine:
  - *Ágora*, A. Amenábar
  - *Alejandro Magno* O. Stone
  - *Edipo*, el hijo de la fortuna, P. P. Pasolini
  - *El león de Esparta*, R. Maté
  - *La mandolina del capitán Corelli*, J. Madden
  - *La Odisea*, A. Konchalovsky
  - *Las Troyanas*, M. Cacoyanis,
  - *Medea*, P. P, Pasolini
  - *Mediterráneo*, G. Salvatores
  - *Troya*, W. Petersen
  - *Incendies*, Denis Villeneuve
  - ...

## b) APLICACIÓN DAS T.I.C.

### Obxectivos

- Desenvolver a capacidade investigadora e creativa do alumno para conseguir que sexa el o protagonista da súa propia aprendizaxe, buscando as súas propias fontes de informacións e elaborando o seu propio material
  - Que o alumno/a poda ter acceso cómodo a un conxunto básico de coñecementos sobre o mundo grego relacionados cos contidos da programación de Grego II
  - Que o alumno poda ter acceso ao material utilizado na clase , de xeito que poda descargar e imprimir exercicios, mapas, apuntes... sen que supoña prexuízo económico para o centro.
  - Que calquera usuario poda ter acceso cómodo a temas do mundo clásico de cultura e interese xeral e que, en moitos casos, seguen presentes no seu entorno.
  - Que o alumno/a poda acceder a outros portais educativos especializados en temas de cultura clásica.
- Desenvolver a capacidade investigadora e creativa do alumno para conseguir que sexa el o protagonista da súa propia aprendizaxe, buscando as súas propias fontes de informacións e elaborando o seu propio material

### Tipos de actividades:

- Completar a páxina de Grego, no apartado de Grego II, da web do instituto cos seguintes contidos:
  - Presentación dos contidos dos temarios, organizados por cursos e unidades didácticas,

- Galería de mapas relacionados cos textos Xenofonte cunha calidade aceptable para descargar.
- Posibilidade de descargar os textos de clase en formato PDF
- Posibilidade de descargar modelos de exame de aula e selectividade
- Exercicios interactivos de etimoloxía
- Apartado de actividades extraescolares con galerías de imaxes
- Traballo no blog de aula [Aspasia](#) para aportar traballos complementarios aos da aula, comentar libros de lectura, actualidade relacionada co mundo clásico, e as actividades extraescolares realizadas.
- Web-quest con tarefas relacionadas cos contidos dos temarios de grego II
- Ligazóns con outras páxinas relacionadas co grego antigo mundo clásico e portais educativos
- Introducción á wiki: pequenas contribucións á Gallipedia no campo da etimoloxía,
- Exposicións de temas monográficos por parte do alumnado usando recursos aprendidos na aula: documentos compartidos en google, scribd, issuu, slideshare...

### **Temporalización**

- Uso ao longo de todo o curso de presentacións de para explicar os temas de historia e literatura.
- Traballo e publicación no blog [Aspasia](#) ao longo de todo o ano de artigos relacionados coas lecturas obrigatorias, actualidade relacionada coa Grecia clásica e actual, as actividades extraescolares realizadas...
- Introducción á wiki con pequenas contribucións á Gallipedia no campo da etimoloxía ao longo de todo o curso.
- Traballo co diccionario de grego clásico en liña: <http://www.dicciogriego.es/>
- Descargas de calquera material da web por parte do alumnado ao longo de todo o ano.
- A contribución das alumnas ao blog, web, wiki... etc supeditarase ao estrito cumprimento do temario de Grego II e nunca irá en detrimento do tempo dedicado á tradución de textos, xa que este apartado supón o 70 % da nota global da materia, tanto no curso coma en selectividade

## **12. ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

### **c) EDUCACIÓN EN VALORES**

A educación en valores é un dos aspectos fundamentais na educación do alumnado e a ela contribúese dende todas as áreas do currículo. A materia de cultura clásica pode contribuír amplamente a esta educación en valores co estudio de temas directamente relacionados co seu propio currículo.

- Educación para a saúde: partindo da máxima latina “mens sana in corpore” e o estudo do deporte e medicina no mundo antigo, concienciar ao alumnado de que debe desenvolver hábitos saudables.
- Educación ambiental: estudo da relación do home do mundo antigo co medio mariño e terrestre para aprender a respectar o contorno
- Educación para a paz: partindo do estudo da Historia de Grecia e Roma e, en especial as políticas imperialistas de Atenas, Alexandre Magno, Roma., aprender a defender a paz e a non violencia para a solución de conflitos.
- Educación do consumidor: educar no consumo responsable e nos dereitos do consumidor mediante o estudo da vida cotiá de Grecia e Roma
- Educación para a coeducación e a igualdade entre os sexos co estudo crítico da situación da muller no mundo antigo.
- Educación moral e cívica co estudo das diferenzas culturais do mundo antigo e da tolerancia á diversidade en certos momentos da Historia antiga como o helenismo e certos aspectos do Imperio romano, para fomentar a tolerancia ante a diversidade cultural e fomentar a multiculturalidade.
- Educación sexual aprendendo a abordar as cuestións relacionadas co sexo coa naturalidade que nos ensinan en moitas ocasión os clásicos e coñecendo a vida amorosa e erotismo no mundo antigo.
- Educación viaria para adquirir hábitos de seguridade nas vías públicas estudando o urbanismo e o sistema viario no mundo antigo, en especial en Roma, e a vida cotiá

## d) CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Para acadar unha boa convivencia no centro é necesaria educación en valores partindo do respecto, tolerancia e cooperación. É imprescindible conseguir a integración de todo ao alumnado na vida do centro para lograr un clima participativo e democrático, para o que propoñemos algunhas accións como:

- Dar unha boa acollida ao alumnado e, en especial, ás novas incorporacións, procurándolle unha integración doada e o máis rápida posible
- Axudar no labor de difusión dos dereitos e deberes dos membros da comunidade educativa dando a coñecer o RRI
- Detectar as condutas disrutivas e aplicar as medidas correctoras adecuadas a cada situación, intervindo cunha actitude dialogante co fin de acadar unha mellora no comportamento.
- Informar ao titor ou titora das condutas disrutivas e das medidas correctoras aplicadas, se fose o caso.
- Introducir no programa XADE tanto as faltas de puntualidade como as de asistencia non máis tarde do último día de cada semana co fin de facilitar o labor do titor ou titora.
- Na práctica docente diaria coidar de que o clima da aula sexa positivo e respectuoso, fomentar a participación e o diálogo de forma que se expoñan con liberdade e se escoiten con respecto as ideas, opinións e valoracións alleas.
- Utilizar e valorar positivamente o diálogo como forma de solucionar diferenzas e para extraer conclusións e obter solucións a situacións problemáticas.
- Fomentar o respecto pola autonomía dos demais e promover a igualdade entre alumnos e alumnas independentemente da súa condición, sexo, cultura, relixión, raza ou nacionalidade.
- Facer un seguimento do alumnado, en especial dos cambios que houbera no comportamento, como rexeitamento ou indiferenza cara un compañeiro ou compañeira, illamento nos tempos de lecer... para previr posibles casos de acoso escolar Nestes casos deberase comunicar esa información ao titor ou titora, quen a transmitirá á Xefatura de Estudos e ao Departamento de Orientación.
- Informar ou solicitar información ao profesor titor ou profesora titora, non só sobre o rendemento académico do alumnado, senón tamén sobre o seu comportamento, relación cos compañeiros e compañeiras e a súa integración na aula.

### 13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PARA CULTURA CLÁSICA, E GREGO DE 1º E 2º DE BAC

ACTIVIDADES CARÁCTER CONTINUADO	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Participación na emisora FALAMELIDE, confeccionado programas relacionados cos nosos currículos, especialmente co amitoloxía.</li> <li>- Participación nas actividades de biblioteca, que no presente curso centran a súa actividade no tema monográfico “anónim@s”.</li> </ul>	
ACTIVIDADES PUNTAIS SECUENCIADAS POR TRIMESTRES	Alumnado participante
1ª AVALIACIÓN	
Asistencia á representacións teatrais, proxeccións cinematográficas e exposicións relacionadas co mundo clásico nas cidades próximas a Melide (A Coruña, Lugo, Santiago...):	3º e 4º de ESO, 1º e 2º de BAC
“Noite de estrelas”. Estudio da relación entre as estrelas e a mitoloxía con sesión de observación astronómica nunha noite entre os meses de novembro a xaneiro, coa participación dos departamentos de ciencias naturais, física e matemáticas, club de ciencia, coordinados dende a biblioteca, e a colaboración do Observatorio Astronómico Ramón María Aller (OARMA) da USC, dentro do programa <a href="#">TODOCOSMOS</a> . Luns 16 de outubro de 2017.	Todo o alumnado e poboación vila de Melide
Conferencia “Facendo ciencia en grego” a cargo de Teresa Amado, profesora de grego titular da USC, en colaboración cos departamentos de Ciencias Naturais, Física e Química, Club de ciencias, Matemáticas... no mes de novembro, na aula de audiovisuais.	alumnado de 3º ESO e 1º de BAC,
Contacontos mitolóxicos no CEIP Mestre Pastor Barral de Melide, e coordinación coas bibliotecas de ambos centros	alumnado de 3º de ESO
2ª AVALIACIÓN	
Conferencia “O teatro na antiga Grecia” a cargo de Teresa Amado, profesora de grego titular da USC, en colaboración cos departamentos de Lingua Castelá, Música e Latín, no mes de xaneiro, na aula de audiovisuais.	alumnado de clásicas, artes escénicas e lit. universal de 3º e 4º de ESO e BAC
Participación no <a href="#">concurso Odisea</a> 2018 a principios do mes de febreiro, sendo necesario que o alumnado participante e as profesoras responsables poidan dispoñer dunha aula de informática de 9.00 a 20.30 un xoves (aínda por fixar), e do permiso dos profesores/as afectados. En coordinación co departamento de latín.	3º e 4º de ESO, BAC
Asistencia as representacións de <i>Edipo Rei de Sófocles</i> e <i>Casina</i> de Plauto, dentro do <a href="#">Festival de Teatro Grecolatino de Lugo</a> o luns 5 de marzo de 2018, en coordinación co departamento de Latín, Música e Lingua Castelá.	3º e 4º de ESO, 1º e 2º de BAC
Realización de obradoiros de cultura clásica durante a celebración dos <a href="#">III Ludi Compostellani</a> , organizados pola <a href="#">sección Galega da SEEC</a> en Compostela o xoves 26 de abril de 2018, en coordinación cos departamentos de madeira e latín. O alumnado do IES de Melide, despois dun traballo previo na aula, impartirá diferentes obradoiros dirixidos a estudantes de secundaria de outros centros, realizando obradoiros de escritura e indumentaria no mundo antigo.	3º de ESO e 1º de BAC
Viaxe de estudos a Grecia, coordinado co IES de Ames, na semana anterior á Semana Santa. Viaxe a Atenas, Argólida (Corinto, Micenas, Epidauro e Nauplio), Olimpia e illa de Santorini de dez días de duración. <b>De non poder realizarse esta viaxe, sería substituída por unha de sete días duración por España (Mérida/Andalucía).</b>	3º e 4º de ESO, 1º e 2º de BAC
3ª AVALIACIÓN	
Asistencia á representacións teatrais, proxeccións cinematográficas e exposicións relacionadas co mundo clásico nas cidades próximas a Melide (A Coruña, Lugo, Santiago...):	3º e 4º de ESO, 1º e 2º de BAC
Asistencia á celebración do Arde Lucus na cidade de Lugo, no terceiro fin de semana do mes de xuño	3º e 4º de ESO, 1º e 2º de BAC


## 14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓNS DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Mediante a autoavaliación do proceso do ensino, os departamentos de latín e grego comprobarán ao longo do curso se se acadan os obxectivos propostos na programación didáctica, en relación cos resultados académicos, e proporán as modificacións pertinentes para a súa mellora. Farase unha reflexión e análise dos seguintes elementos:

- A idoneidade da selección, distribución e temporalización dos obxectivos e contidos.
- A idoneidade da metodoloxía seguida e dos materiais e recursos didácticos empregados.
- A adecuación dos criterios de avaliación relacionados coa adquisición das competencias clave.
- A adecuación dos obxectivos ás distintas características e necesidades especiais do alumnado
- A eficacia dos procedementos e instrumentos de avaliación. Revisión dos criterios de cualificación.
- O desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias e das relacionadas coPlanLector do centro, coa integración das TICs e coPlan de Convivencia.

As modificacións que se desprendan desta avaliación faranse constar na memoria final dos departamentos xunto cunha proposta de medidas correctoras que se terán en conta no deseño da Programación Didáctica do seguinte curso.

En Melide a 10 de outubro de 2.018

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Susana Losada Soto', enclosed within a large, loopy oval shape.

Asdo: Susana Losada Soto  
Departamento de Grego